

VIMIANZO

SEMANA SANTA

Visita no Castelo de Vimianzo a mostra de artesanía ao vivo:
liño, encaixe, maquetaxe, prata e vidro, traballos en palla, olaría de Buño e traballos de coiro e papel



Batáns e Muíños do Mosquetín
visitas guiadas: 14, 15, 16 e 17 de abril, ás 15:30



Porto de Cereixo
visita teatralizada A barca prodixiosa de Cereixo,
15 de abril ás 19:00h
visita guiada por Cereixo, 15 de abril 19:45h

Castelo de Vimianzo

visitas teatralizadas: 14, 15, 16 de abril, ás 12:30h e 17:00h.

Domingo 17 ás 12:30h

visitas guiadas: 14, 15, 16, e 17 de abril ás 11:00h;

14 e 16 ás 18:30h e o 17 ás 17:00h

INSCRICIÓN

INSCRICIÓN: www.vimianzo.gal/turismo

PREZO: GRATIS

IDADE: ADULTOS E MENORES

ACOMPÑADOS

PRAZAS: 20 PERSOAS POR VISITA



Castro das Barreiras

visita guiada 14, 16 de abril ás 20:00h e o 17 ás 18:30h



O Concello de Vimianzo deu a coñecer esta mañá a súa programación para Semana Santa co Castelo como epicentro de actividades. Haberá visitas guiadas e teatralizadas o xoves 15 de abril, o venres 15 de abril, o sábado 16 de abril e o domingo 17 de abril, cos Quinquilláns como protagonistas (nas teatralizadas).

Os horarios para as teatralizadas serán ás 12:30 horas e 17:00 horas, estando reservado solo unha sesión para o domingo, ás 12:30 horas. Os das visitas guiadas, ás 11:00 horas, 14:00 horas e 18:30 horas e o domingo tan só unha sesión ás 17:00 horas.

Outros dos espazos reservados para acoller actividades durante os días festivos son os Batáns e Muíños do Mosquetín, os días 14, 15, 16 y 17 a las 15:30 horas. No Porto de Cereixo, na barca prodixiosa de Cereixo, o 15 de abril ás 19:00 horas, e por Cereixo, o mesmo día ás 19:45 horas.

No Castro das Barreiras, logo dos últimos traballos no que se descubriu unha porción de muralla, haberá visitas guiadas o 14 e o 16 de abril ás 20:00 horas e o 17 de abril ás 18:30 horas.

As inscricións poderán facerse en www.vimianzo.gal/turismo e resérvanse 20 prazas para participar en cada visita. Serán de balde e os menores deberán ir acompañados dun adulto.

Mostra de Artesanía en Vivo

Desde o Concello, animan a todas as persoas que así o desexen, a visitar o Castelo de Vimianzo nesta Semana Santa, onde haberá demostracións de tratado do liño, encaixe, maquetaxe de barcos, traballos en palla, artesanía de prata e vidro e traballos en coiro e papel.

A alcaldesa, Mónica Rodríguez, destaca que este é un programa “pensado por e para todas as persoas que desexen coñecer máis pormenorizadamente a Artesanía da Costa da Morte, pero tamén os nosos lugares máis senlleiros. Os Quinquilláns sempre lle dan un toque especial ás visitas, e estamos moi felices de volver a poder contar con eles”, afirma.

Resumo

•**Xoves 14 de abril:** Visita guiada no Castelo de Vimianzo ás 11:00 horas. Visita teatralizada no Castelo cos Quinquilláns ás 12:30 horas. Visita guiada nos Batáns do Mosquetín ás 15:30 horas. Visita teatralizada no Castelo cos Quinquilláns ás 17:00 horas. Visita guiada no Castelo ás 18:30 horas. Visita guiada no Castro das Barreiras ás 20:00 horas.

•**Venres 15 de abril:** Visita guiada no Castelo de Vimianzo ás 11:00 horas. Visita teatralizada no Castelo cos Quinquilláns ás 12:30 horas. Visita guiada nos Batáns ás 15:30 horas. Visita teatralizada no Castelo cos Quinquilláns ás 17:00 horas. Visita teatralizada en Cereixo cos Quinquilláns ás 19:00 horas e guiada en Cereixo ás 19:45 horas.

•**Sábado 16 de abril:** Visita guiada no Castelo de Vimianzo ás 11:00 horas. Visita teatralizada no Castelo cos Quinquilláns ás 12:30 horas. Visita guiada nos Batáns ás 15:30 horas. Visita teatralizada no Castelo cos Quinquilláns ás 17:00 horas. Visita guiada no Castelo ás 18:30 horas e visita guiada no Castro das Barreiras ás 20:00 horas.

•**Domingo 17 de abril:** Visita guiada no Castelo de Vimianzo ás 11:00 horas. Visita teatralizada no Castelo cos Quinquilláns ás 12:30 horas. Visita guiada nos Batáns ás 15:30 horas. Visita guiada no Castelo ás 17:00 horas. Visita guiada no Castro das Barreiras ás 18:30 horas.

Para concertar as visitas guiadas pode acceder por medio da seguinte ligazón: [VISITAS GUIADAS](#)